



Estimadas familias:

Como sabedes, a comezos deste curso decidimos empregar a ferramenta de GOOGLE WORKSPACE FOR EDUCATION no noso centro. Dita proposta foi acordada e aprobada polo claustro. Entre outros motivos, decidiuse contratar esta ferramenta porque se detectaron as seguintes necesidades:

- Na maioría das materias os rapaces empregan ferramentas como Canva, Geogebra, Genial.ly, Tinkercad, App inventor, Mblock para IA, etc. En moitas delas o uso esixe o rexistro do alumnado cunha conta de correo, para o cal habitualmente recorren ás súas contas de correo persoais ou, de non dispoñer delas, ás dos seus pais. Isto non só dificulta o desenvolvemento das clases, xa que en moitos casos cada vez que queren acceder a algún sitio precisan da confirmación das familias (incluíndo uso de teléfonos móbiles), senón que tamén o consideramos perigoso polo manexo de datos persoais que implica.
- Na aula virtual do centro (moodle), o alumnado de bacharelato ten que asociar unha conta de correo ao seu usuario, e nesa conta pode recibir notificacións sobre tarefas, comunicacións, etc. O problema é que moitos deles non queren indicar a súa conta de correo electrónico persoal e poñen unha inventada, polo que as notificacións non resultan operativas.
- Algunhas das tarefas que o alumnado ten que realizar implican o envío de arquivos moi pesados (como vídeos, audios, etc.) que nin a plataforma EVA Edixgal nin a aula virtual soportan. En moitos casos os profesores facilitan a súa conta de gmail persoal (ou crean unha específica para o uso no centro) para poder compartir a través de Google Drive este tipo de arquivos. A alternativa corporativa Abalarbox actualmente non funciona axeitadamente cando ten moita demanda e o alumnado non ten acceso directo á mesma.
- Nos libros de texto de Edixgal da materia de Tecnoloxía e Dixitalización, de 1º ESO, se lle pide ao alumnado que aprenda a crear unha conta de correo electrónico e a traballar con ela.
- Nos ordenadores Edixgal non se pode instalar ningún aplicativo adicional, polo que soamente poden empregar plataformas online que habitualmente requiren rexistro.
- O profesorado escolle empregar estas alternativas porque considera que son as máis axeitadas para ese nivel educativo por simplicidade, por opcións para a atención á diversidade, por aprender a utilizar as máis comúns na actualidade, etc.



- Gran parte do alumnado, incluídos os cursos baixos, xa dispoñen da súa propia conta de correo persoal. É habitual que deixen as súas contas, ou as dos seus pais, abertas en ordenadores de uso xeral.

O centro fixo chegar a todas as familias unha circular informativa cos usos que se lle ían dar a esta ferramenta. Uns días despois, recibimos unha notificación da Delegada de Protección de Datos indicando que unha familia presentara unha queixa polo uso desta ferramenta e solicitando ao centro información sobre o uso que lle íamos dar. Envióuselle toda a documentación que requiriron pero aínda así, decidiron prohibir o uso no centro da ferramenta GOOGLE WORKSPACE FOR EDUCATION, por consideraren que se infrinxe a lei de protección de datos do alumnado.

Ante esta situación, o Equipo Directivo do IES San Paio comunica o seguinte:

- A primeira semana de xaneiro serán clausuradas todas as contas co dominio *@iessanpaio.com*, polo que solicitamos que se algún alumnado ten información gardada, que a recupere antes desta data.
- Queremos deixar claro que tanto o Equipo Directivo como o Claustro de profesorado consideramos que as ferramentas corporativas das que dispoñemos non cobren as necesidades expostas anteriormente, e o uso das alternativas ten como resultado unha situación de risco en canto á protección de datos de todos os membros da comunidade educativa.

Pedimos desculpas polas molestias ocasionadas e quedamos á vosa disposición para calquera tipo de información que nos solicitedes.

En Tui, a 18 de decembro de 2023,

O Equipo Directivo do IES San Paio